



Concello de Sarria

CADRO TIPO DE CARACTERISTICAS TECNICAS, ADMINISTRATIVAS E ECONOMICAS RELATIVAS A UN CONTRATO MENOR DE SERVIZOS.-

EXPEDIENTE N.º	DENOMINACION:	TIPO DE CONTRATO:	EMPLAZAMENTO
1019/2017	MELLORA DO CESPEDENATURAL (RESEMBRA) DO CAMPO DE FUTBOL	SERVICIOS (Categoría 1 Anexo II do TRLCSP):	Zona deportiva Concello Sarria
1.- TRAMITACION	ORDINARIA		
2.-XUSTIFICACIÓN	Visto o estado do céspede natural do terreo de xogo do campo de fútbol de propiedade municipal, este Concello vese na necesidade de levar a cabo unha Mellora do mesmo , establecendo as labores ou traballos necesarios para o adecuado mantemento do campo de céspede natural mediante a súa resembra e abonado e permitir así conseguir unha maior durabilidade do mesmo no tempo, todo conforme á descrición, características e especificacións que se establecen nas prescricións técnicas recollidas no presente cadro de características.		

De conformidade cos arts. 22.1, 109, 138.3, 143, etc., do TRLCSP (Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011), 73.2 do Real Decreto 1.098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e apartado 21.C) das Bases de execución do presuposto para 2.017 emítase o presente informe xustificativo da necesidade do contrato, características técnicas, administrativas e económicas, das prestacións obxecto do contrato.

En función do custo do servizo, o mesmo encádrase dentro dos contratos menores de servizos definidos no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o "Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público".

3.-PROCEDEMENTO PROPOSTO	Contrato menor
4.- Xustificación: Importe inferior a 18.000 euros (Art. 138.3 do TRLCSP)	
5.- ENTIDADES OU PROFESIONAIS CON CAPACIDADE E SOLVENCIAS ECONOMICA, FINANCIERA, TECNICAS E PROFESIONAL SUFICIENTE QUE SE PROPON INVITAR(Apartado 21.C) das Bases de execución orzamentaria)	
Proponse substituír a invitación pola publicación no perfil do contratante da páxina web do Concello de Sarria: http://sarria.es/index.php?option=com_content&view=article&id=81%3Acontratacion&catid=94%3Acontratacion&Itemid=67&lang=gl	

OBXECTO

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 Lugo. Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

6.- DEFINICION	MELLORA DO CESPEDE NATURAL(RESEMBRA) DO TERREO DE XOGO DO CAMPO DE FUTBOL
7.-NECESIDADES A SATISFACER	Mellora do céspede natural do terreo de xogo do campo de fútbol de propiedade municipal, establecendo as labores ou traballos necesarios para o adecuado mantemento mediante a súa resembra e abonado.
8.- CPV	CPV 50870000-4 Servicios de reparación e mantemento de equipos de terreos de xogo

9.- XUSTIFICACIÓN DA IDONEIDADE DO CONTRATO:

10.- PREZO

10.1.-VALOR ESTIMADO	9.000,00 euros
10.2.- IMPORTE MODIFICACION PREVISTAS	--
10.3.- IVA	21% (1.890,00 euros)
10.4.- TOTAL	10.890,00euros
10.5.- Xustificación do prezo: A tanto alzado	
10.6.-Fíxase por prezos unitarios	NON
10.7.-No seu caso, identificación destes	
10.8.- PLURIANUAL	NON

11.- CONDICIONS TECNICAS DA PRESTACION DO SERVIZO:

As tarefas a realizar dentro do obxecto do contrato consistirán na realización das seguintes actuacións no terreo de xogo coas medicións seguintes:

:

<u>Medicións largo x ancho</u>	<u>Medición total m²</u>
100x65	6.500

Descrición dos traballos

- Dobre pase cruzado de descompactadora lineal tipo Imants Shockwave ou equivalente.

-Posteriormente regularízase lixeiramente o terreo mediante o pase dunha rastra de púas que o prepara para a nova capa portante.

- Aplícaranse os abonos de fondo e a emenda cálcico-magnésica, ambos mediante abonadora. Para o abonado utilízase fertilizante sólido microgranulado de lenta liberación a dose de 40 g/m² tipo Everris Sportsmaster CRF Mini (19-19-5 + 2MgO+ oligoelementos) ou equivalente, e 80 g/m² de Zeolita ou equivalente, afectando á totalidade do terreo de xogo mediante dous pases cruzados de abonadora calibrada. Posteriormente e como último labor realízase aseménta mediante sembradora de

Concello de Sarria



Concello de Sarria

discos de precision tipo Vredo ou equivalente, a unha dose de 40 g/m² e tres pases cruzados e rulado. Para este labor utilizarase unha formula tipo Everris Sport + ou equivalente, composta por unha mestura de tres variedades de Raigrás inglés e dúas variedades de Poa pratense.

O mantemento da superficie sementada realizarase por parte do Concello, así como as regas, segas, aplicacións de fertilizantes e fitosanitarios (produtos non incluídos) necesarios para un correcto establecemento do céspede.

12.- ESPECIFICACIONES RESPECTO DA PRESENTACION DE PROPOSTAS

12.1.- PRAZO PROPOSTO	DEZ (10) DIAS HABLES A CONTAR DENDE A NOTIFICACION DA ADXUDICACION PARA A EXECUCION DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO SEN COMPUTAR OS TRABALLOS DE MANTEMENTO A REALIZAR POLO CONCELLO.
-----------------------	---

12.2.- Xustificación para o caso de ampliación dos legais:

12.3.- CONTIDO DA OFERTA A PRESENTAR

A) Oferta económica referida ao prezo total do contrato, na que se reflectirá de xeito desagregado o importe da oferta e o IVA correspondente. Advírtese que no caso de non figurar desagregado, o prezo ofertado considerarase sen IVE (Anexo II). Así mesmo poderase incluír a oferta desagregando as distintas unidades correspondentes a cada traballo obxecto do contrato segundo a descripción realizada no apartado 11 do presente cadro de características.

Incluirase así mesmo un esquema no que se reflicte o programa de desenvolvemento das tarefas obxecto do servizo cunha extensión máxima de seis folios tamaño A4 por unha soa cara. En caso de que non se inclúa tal esquema, a oferta formulada será rexeitada. Do mesmo xeito será rexeitada se o programa de desenvolvemento presentado, contravén as características técnicas definidas no apartado 11) do presente cadro.

B) Declaración Responsable conforme ao **Anexo I á presente proposta**

C) De resultar esixible, **Acreditación das solvencias económica, financeira, técnica e profesional**, mediante os medios: sinalados no apartado 13.5 e 13.6 do presente cadro de características.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

	D) No seu caso, copia da Escritura na que se refrexe o obxecto social que acredite o extremo contemplado no artigo 57.1 do TRLCSP de resultar persoa xurídica.
12.4.-- PLAZO DE PRESENTACION OFERTAS	Ata o día en que se fixe no perfil do contratante no momento da publicación do contrato e que non poderá ser inferior a CINCO (5) DIAS HABLES contados a partir do seguinte ao da súa publicación
12.5.- LUGAR DE PRESENTACION	a) Rexistro Xeral do Concello de Sarria: Rúa Maior, 14, 1º andar 27.600 SARRIA. TFNO: 982-53.50.00. FAX: 982- 53.09.16 . b) Por correo certificado coas formalidades esixidas polo artigo 80.4 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos

12.6.- Proposta a esixencia de GARANTIA PROVISIONAL	NON
12.7.- Caso afirmativo, contía proposta	
12.8.- Caso afirmativo, xustificación da esixencia	

13.- ESPECIFICACIONES RESPECTO DA ADXUDICACION

13.1.-Mesa de Contratación: Non é precisa
13.2.-Clasificación Empresarial proposta: Non é esixible
13.3.- Organo encargado de valora-las ofertas: Alcaldía-Presidencia ou Concelleira/o en que delegue, Secretario Xeral e Interventora Xeral ou quen legalmente os substitúan.

13.4.- Requisitos de capacidade e Habilitación Empresarial:
13.5.- Medios de ACREDITACIÓN DAS SOLVENCIAS ECONÓMICA E FINANCEIRA propostos: Non é preciso.
13.6.- Medios de ACREDITACIÓN DAS SOLVENCIAS TÉCNICA E PROFESIONAL propostos: Non é preciso.

14.- Proposta ADSCRIPCION MINIMA DE MEDIOS	SI
14.1.- No seu caso determinación: Aínda que non se concreten deberanse dispoñer cuantitativa e cualitativamente dos medios persoais, mecánicos e materiais especializados e axeitados para a correcta execución e a mellor calidade dos traballos que comprende o obxecto do contrato.	
14.2.- Titulación ou habilitación mínima esixible ao profesional ou persoa encargada	

Concello de Sarria



Concello de Sarria

da realización das tarefas inherentes ao servizo: NON

15.-Proponse a determinación previa de subcontratistas NON

15.1.- Caso afirmativo, Xustificación da determinación:

16.- CRITERIOS DE ADXUDICACION CUANTIFICABLES MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR propostos:	Non se propoñen
17.- CRITERIOS DE ADXUDICACION CUANTIFICABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FORMULAS propostos:	<p><u>PRIMEIRO.-Oferta económica referida ao prezo máis baixo</u> . Valoración máxima ata 55 puntos de acordo coa seguinte fórmula:</p> $P_i = \frac{55 \cdot O_m}{O_i}$ <p>siendo (i = 1, 2, ..., n) las ofertas de los licitadores, donde:</p> <p>P_i = Puntuación económica da oferta a valorar; O_m = Oferta máis económica respecto do tipo de licitación sen IVE (9.000 euros) O_i = Oferta económica a valorar sen IVE</p> <p><u>SEGUNDO.-Prazo de execución do servizo expresado en días.</u> Valoración máxima ata 20 puntos. Puntuarase do seguinte xeito:</p> $P = 20 \cdot P_{mer} / P_{of}$ <p>Onde: P: Puntuación da oferta P_{mer}: é o prazo menor P_{of}: é o prazo ofertado</p>
18.-ORGANO DE ADXUDICACION:	Alcaldía-Presidencia
19.- DOCUMENTACION COMPLEMENTARIA DO ADXUDICATARIO:	O adxudicatario do contrato, <u>no prazo de dez días hábiles</u> a computar dende a notificación da adxudicación deberá acreditar o Concello, a traves das correspondentes certificacións administrativas a que se refire o artigo 15 do R. D. 1098/2001, do 12 de outubro, de se achar ao corrente das

Concello de Sarria



Concello de Sarria

	súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, Concello de Sarria e coa Seguridade Social.
--	---

20.- EXECUCION: ESPECIFICACIONS.

20.1.- PRAZO DE EXECUCION DO SERVICIO	Prazo máximo: DEZ (10) DIAS HABLES A CONTAR DENDE A NOTIFICACION DA ADXUDICACION PARA A EXECUCION DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO SEN COMPUTAR OS TRABALLOS DE MANTEMENTO A REALIZAR POLO CONCELLO..
---------------------------------------	--

21.-RESPONSABLE DO CONTRATO	Concelleiro Delegado de Deportes
-----------------------------	----------------------------------

22.- Proposta de PREVISION DE SUPOSTOS DE MODIFICACION DO CONTRATO	NON
--	-----

No seu caso, determinación:

23. - RECEPCION DO SERVIZO: SI

24.- PRAZO DE GARANTIA: O xeral para este tipo de servizos.

25.- REXIME DE PAGOS	<ul style="list-style-type: none">a) O contratista ten dereito ó abono do prezo convido, unha vez prestado correctamente o servizo obxecto do contrato e formalmente recibidos polo Concello.b) O prezo aboarase de conformidade co disposto polo art. 216 do TRLCSP en relación coa disposición transitoria oitava do mesmo texto legal .c) O pago do prezo efectuarase previa presentación de factura no Rexistro Xeral que deberá ser conformada polo Delegado correspondente cos requisitos esixidos no artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Base 13ª das de execución do presuposto, debendo ser repercutido como partida independente o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) no documento que se presente ó cobro, sen que o importe
----------------------	---

Concello de Sarria



Concello de Sarria

	<p>global contratado experimente incremento ningún. As facturas, que deberán presentarse no prazo de trinta días (30) dende a data da acta de recepción ou conformidade, poderán presentarse en papel, no rexistro administrativo do órgano de contratación, ou electronicamente, no sistema de facturación electrónica do Concello de Sarria a través do portal do Punto Xeral de Entrada da Factura Electrónica da Administración Xeral do Estado (FACe) ao que se atopa adherido este Concello.</p> <p>d) Non obstante o anterior, a presentación electrónica de facturas será obrigatoria para as entidades relacionadas no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público (BOE nº311, do 28 de decembro) e no Regulamento municipal de uso da factura electrónica do Concello de Sarria.</p> <p>e) No suposto de que algún documento dos esixidos para efectúa-lo pagamento contivese algún erro ou omisión, e o contratista non tivese advertido no momento de prestar conformidade á recepción, expresamente e por escrito a existencia do mesmo, o prazo para esixe-lo interese de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese o expediente de pagamento, computándose polo tanto o inicio do prazo para esixe-lo interese legal dos cartos a partir da expedición da documentación emendada.</p> <p>f) De igual modo, se a factura contivese algún erro ou omisión, o cómputo do prazo para esixe-lo interese de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura.</p>
--	---

Concello de Sarria



Concello de Sarria

	<p>g) Poderá preverse o pago da prestación dos servizos por fases, en función do desenvolvemento dos traballos obxecto de prestación</p>
26.- DATOS DA FACTURA	<p>IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO: CONCELLO DE SARRIA CIF...P2705700I</p> <p>ÓRGANO: DECISORIO/XESTOR:ALCALDESA/PRESID ENTA</p> <p>IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE Código da oficina contable: Intervención-Contabilidade, LA0003531 Código do órgano xestor, Alcaldía-Presidencia, LA0003533 Código da unidade de tramitación, Intervención-Facturación, LA0003536 Unidad tramitadora: LA0004627 INTERVENCIÓN</p>
27.- OUTRAS OBRIGAS DO ADXUDICATARIO	<p>a) A empresa adjudicataria indicará ao Concello quen será a persoa responsable correspondente á cada fase do obxecto do contrato, quedando obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro).</p> <p>b) O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados conforme ás características técnicas descritas no presente documento, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato. A tales efectos deberá introduci-las modificacións ou correccións que sexan precisas en orde á garantiza-la legalidade vixente en cada momento , e tamén naqueles aspectos que dende o ámbito da Administración procedan, e así se lle requira polos servizos municipais. De tal xeito quedará obrigado a empregar cuantitativa e cualitativamente dos medios persoais, mecánicos e materiais especializados e</p>

Concello de Sarria



Concello de Sarria

axeitados para a correcta execución e a mellor calidade dos traballos que comprende o obxecto do contrato.

c) Informará e asesorará ao persoal do Concello naquelas cuestións e dúbidas que presenten ao respecto do servizo. Pola súa banda, o Concello facilitaralle a documentación e antecedentes que lle resulten precisos e imprescindibles para o correcto desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato.

d) A empresa contratista, baixo a supervisión do responsable do contrato a que se fai referencia na apartado a), achega a súa propia dirección e xestión na execución sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, nos termos do artigo 305 do TRLCSP.

e) En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o contratista.

Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello de Sarria nin doutra Entidade participante no contrato.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin esixirse a estas responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

f) O/a adxudicatario/a comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal

Concello de Sarria



Concello de Sarria

destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo servizo.

g) O/a adxudicatario/a queda obrigado, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á Administración contratante.

h) É responsabilidade da empresa contratista e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a administración pública de todo allea a estas relacións laborais. Correspóndelle, así mesmo, á entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licencias horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

É responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo.

i) Información e adaptacións

O adxudicatario deberá facilitarlle ao Concello, cando se lle requira, a información relativa ao desenvolvemento da execución do contrato, os avances e as conclusións parciais ás que se poida chegar.

j) Protección de datos de carácter persoal

Concello de Sarria



Concello de Sarria

	<p>A entidade adxudicataria estará obrigada ao seguimento das normas sobre confidencialidade de datos, declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do servizo se realizará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Será así mesmo de aplicación a Disposición Adicional vixésimo sexta do TRLCSP. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que se deriven del.</p> <p>k) De se-lo caso, o a posta a disposición de produtos protexidos por un dereito de propiedade intelectual ou industrial levará aparelhada a cesión deste á Administración contratante nos termos previstos no artigo 301.2 do TRLCSP.</p> <p>l) O adxudicatario presta a súa conformidade ao presente cadro de características técnicas, administrativas e económicas relativas á presente contratación e sométese, para cando non se atope nel establecido aos preceptos do R. D. L. 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao TRLCSP; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado</p>
--	--

28.- Proposta de ESPECIFICACION DE PARAMETROS PARA APRECIAR OFERTAS CON PRESUNCION DE VALORES DESPROPORCIONADOS OU ANORMAIS

29.-No seu caso, presuposto mínimo admisible que se propón (Art. 152.2 do con Únicamente se podrán apreciar ofertas con presunción de valores

Concello de Sarria



Concello de Sarria

TRLCSP)	desproporcionados ou anormais respecto ao factor prezo (apartado segundo dos criterios de adxudicación). A estes efectos consideraranse en principio desproporcionadas, aquelas ofertas cuxo prezo se atopen nos supostos previstos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2011, do 12 de outubro, do Regulamento Xeral da Lei de Contratos.
30.- No seu caso, outros	

O CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES
En Sarria na data refrexada dixitalmente ao marxe
(Documento asinado dixitalmente)



Concello de Sarria

ANEXO I

CONTRATO MENOR

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE:

D/D^a

Rúa/Praza N^o

Poboación CP

DNI Expedido con data

En nome propio

En representación de CIF

Rúa/Praza N^o

Poboación CP

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que a persoa física ou xurídica, dispón da capacidade de obrar, habilitación empresarial e no seu caso, dos requisitos de solvencias económica, financeira, técnica e profesional esixidas no TRLCSP e no cadro de característica técnicas, económicas e administrativas, e non se atopa incurso na prohibición de contratar á que se refire o artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Que me comprometo a empregar cuantitativa e cualitativamente os medios persoais, mecánicos e materiais especializados e axeitados para a correcta execución e a mellor calidade dos traballos que comprende o obxecto do contrato.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Faceda Estatal, Autonómica e co Concello de Sarria e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en

a de de

Asdo.:

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 Lugo. Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

ANEXO II

OFERTA ECONÓMICA

**DENOMINACION SERVICIO : MELLORA DO CESPEDE NATURAL
(RESEMBRA) DO CAMPO DE FUTBOL**

NOME DA EMPRESA:

DIRECCION:

NIF:

REPRESENTANTE, NO SEU CASO:

PRIMEIRO*.- PREZO OFERTADO E SEN IVE (EN LETRA E NUMERO):
_____ EUROS

IVE (EN LETRA E NUMERO):_____ EUROS

IMPORTE TOTAL DA OFERTA (EN LETRA E NUMERO) :
_____ EUROS

SEGUNDO*.- PRAZO DE EXECUCION: _____ DIAS NATURAIS (en
letra e número)

**CUARTO.- Achégase programa de desenvolvemento das actividades
obxecto do servizo conforme determina o apartado 12.3.A).**

_____, ____ de _____ de 201_

Sinatura do Licitador

* En caso de discrepancia entre as cantidades expresadas en letra e as expresadas en número prevalecerán as cantidades expresadas en letra, agás que polo licitador se manifeste expresamente o contrario.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 Lugo. Tfno. 982535000. Fax: 982530916